

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ANUNCIO do 9 de decembro de 2020 polo que se fai público o Acordo do Consello Reitor do 18 de novembro de 2020 polo que se acorda a delegación de competencias na presidenta para a resolución das reclamacións patrimoniais das administracións públicas.

A entrada en vigor o día 14 de xuño de 2018 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, implica, en virtude do disposto na súa disposición derogatoria única, a derogación expresa e formal da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, xa que a organización portuaria de Galicia e o Estatuto orgánico da entidade pública empresarial Portos de Galicia se regulan agora no título I da Lei 6/2017.

O artigo 13 da lei, no seu número 3, sublínea o), atribúe ao Consello Reitor a competencia para resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial a que se refire a lexislación básica vixente sobre o procedemento administrativo común das administracións públicas.

Co funcionamento do Consello Reitor que, en canto que órgano colexiado e de acordo coas previsións regulamentarias en vigor se vén reunindo en catro sesións anuais, o devandito obxectivo non se chega a cumprir de maneira satisfactoria.

O número crecente de procedementos desta clase que se tramitan anualmente e en continuo aumento, unido á litixiosidade desta clase de procedementos e ao carácter preclusivo dos prazos de tramitación dos procedementos, feito este de especial relevancia en procedementos de tramitación simplificada, determina a necesidade de axilizar a fase de resolución dos procedementos e facer que esta recaia a través dunha delegación de competencias no órgano unipersonal de goberno da entidade pública empresarial, isto é, na Presidencia da entidade.

Polo exposto, o Consello Reitor acordou o día 18 de novembro de 2020 delegar na Presidencia desta entidade a competencia prevista no artigo 13.3.o) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, para a resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial.



Todo o que se fai publico para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2020

Susana Linguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

